

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA 05/2021 CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 27/05/2021.**

Concelleiras e concelleiros presentes:

Alcalde-Presidente:

Secundino García Casal

Asistentes:

BNG:

María del Carmen Muiño Filgueira

Manuel Varela Mecías

Manuel Beceiro Couce

María Amparo Calvo González

Ana Belén Breijo Gundín

Tomás Calvo García

PP:

María Belén Trigo Meizoso

María Esther Díaz Vergara

José Luis Hermida Prieto

PSOE:

Lois Anxo Rodríguez Calvo

Secretario-interventor:

Miguel A. Arroyo Moreno

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e dous minutos do día vinteseite de maio do dous mil vinteun, comparecen as concelleiras e concelleiros arriba indicados, en presenza do devandito secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, iníciase a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PARTE RESOLUTIVA:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (EXTRAORDINARIA DO 25/03/2021).

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o pasado día 25 de marzo. Non habendo obxeccións nin propostas de modificación, o presidente declara aprobada por unanimidade a indicada acta.

SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DE 2020.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a este punto, que literalmente di:

“Con data do 15-04-2021, tivo lugar unha xuntanza da Comisión Informativa da Facenda e Especial de Contas, oportunamente convocada por esta Alcaldía, na que foi sometido a debate o ditame sobre a Conta Xeral de 2020, formulada e informada pola Intervención Municipal. A Comisión Informativa acordou o ditame favorable desa Conta.

Con data do 21-04-2021 publicouse no BOP nº 73 anuncio de exposición pública relativa a ese acordo. Durante o prazo de exposición pública non se presentou reclamación algunha.

Vistos os antecedentes expostos, mediante o presente propónse que o Pleno do Concello de San Sadurniño, acordo aprobar a Conta Xeral de 2020 deste Concello e dispor a transmisión telemática dos datos que a integran, en cumprimento do establecido legalmente.”

O asunto foi favorablemente ditaminado pola Comisión Informativa competente do Concello antes do inicio da exposición pública.

O Sr. Rodríguez interven brevemente para manifestar a súa conformidade coa proposta.

A Sra. Trigo di que o seu grupo se absterá na votación porque non se está dar conta ó Pleno dos reparos de legalidade emitidos. O Sr. Alcalde resposta que os reparos non teñen que ir ó Pleno, e que tódolos membros da Corporación os coñecen. A Sra. Muiño di que o tema foi consultado cos servizos xurídicos da Deputación, que entenden que soamente hai que dar conta ó Pleno dos reparos que se emiten en temas da súa competencia, e non no resto.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE, coa abstención das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a Conta Xeral de 2020 deste Concello e dispor a transmisión telemática dos datos que a integran, en cumprimento do establecido legalmente.

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC04-2021 SRC01-2021, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS CON CARGO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que resume brevemente a Sra. Muiño, e que literalmente di:

“Mediante Providencia de data do 11-05-2021, iniciouse expediente de modificación do orzamento vixente mediante créditos extraordinarios financiados con parte do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-intervención Municipal sobre o procedemento, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, sobre a inexistencia de Plan Económico Financeiro en vigor, e sobre la posibilidad de utilización do citado remanente de tesourería para gastos xerais, que constan no expediente.

Resultando que é necesaria para a Corporación a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para facer fronte ós pagos derivados dunha indemnización recoñecida en sentenza xudicial firme.

Resultando que a actividade que desenvolve este Concello no ámbito das súas competencias require ocasionalmente a realización de gastos de carácter específico e determinado para os que non existen ou son insuficientes os créditos existentes do vixente orzamento e que non poden demorarse hasta o exercicio seguinte, posto que poderían perxudicarse os servizos e actividades que presta o Concello.

Considerando que este Concello conta con remanente de tesourería para gastos generales, que cumpre os requisitos previstos no artigo 32, a D.A. 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e a D.A. 16ª do Real

Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

Mediante o presente propoño ó Pleno da Corporación adopción, previo ditame da Comisión Informativa competente, da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos mediante créditos extraordinarios financiados co Remanente de Tesorería para gastos xerais cuxo resúmen é o seguinte:

RESUMEN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS			
C	CAPITULO	AUMENTOS	DISMINUCIONES
1	GASTOS DE PERSONAL		
2	BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	117.240,20 €	
3	GASTOS FINANCIEROS		
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES		
5	FONDO DE CONTINGENCIA		
Gastos operaciones corrientes		117.240,20 €	
6	INVERSIONES REALES		
7	TRANSFENCIAS DE CAPITAL		
Gastos operaciones de capital			0,00 €
GASTOS NO FINANCIEROS		117.240,20 €	0,00 €
8	ACTIVOS FINANCIEROS		
9	PASIVOS FINANCIEROS		
GASTOS FINANCIEROS			0,00 €
TOTAL GASTOS		117.240,20 €	0,00 €
FINANCIACIÓN			IMPORTE
A) Con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales			117.240,20 €
B) Con nuevos o mayores ingresos			
C) Mediante anulaciones o bajas de créditos			

TOTAL FINANCIACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

117.240,20 €

O detalle do destino previsto dos créditos extraordinarios propostos, con indicación das aplicacións orzamentarias que corresponden, é o seguinte:

<i>Aplicación</i>	<i>Gasto</i>	<i>Importe</i>
920-22604	Indemnización por sentencia firme PA 24/2017 XC-A 1 Ferrol	117.240,20 €
	TOTAL	117.240,20 €

SEGUNDO.- Declarar necesarios e urxentes os referidos gastos e a insuficiencia doutros medios para o seu financiamento, que se realizará mediante o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais axustado, polo importe da modificación.

TERCEIRO.- Exponer ao público a aprobación inicial no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación, poñendo a disposición do público a documentación correspondente, durante o citado prazo os interesados poderán examinar a documentación e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

CUARTO.- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións ou suxestións que se formulen, que se resolverán con carácter definitivo, ou en caso de que nou se presenten, o acuerdo provisional elevarase automáticamente a definitivo.

QUINTO.- O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Do expediente da modificación de créditos definitivamente aprobada remitirase copia á Administración del Estado e da Comunidade Autónoma simultaneamente á súa remisión ao Boletín Oficial da Provincia."

A portavoz expón a proposta.

O Sr. Rodríguez sinala que este tema debeu de xestionarse de outro xeito. Indica que o sentido do seu voto será a abstención. A vía da conciliación e da resolución pacífica de conflitos neste caso previa a apertura dun expediente podería ser máis positiva, chegando a un acordo previo antes da apertura do expediente. En canto ó que se falou na comisión e as declaracións feitas pola portavoz, que indicou que a partir dun punto se seguiron estrictamente as indicacións do asesoramento.

O Alcalde aclara que no expediente hai tres informes xurídicos que sinalan que existe unha infracción moi grave por non ter solicitada a incompatibilidade e que logo se ratifica pola sentenza xudicial.

O Sr. Rodríguez sinala que o informe xurídico da Deputación non é concluínte respecto da falta cometida o que ó Alcalde contéstalle que non é así, que ese informe si foi concluínte e que está no expediente. O Sr. Rodríguez manifesta que non lle deu tempo a revisalo. Así mesmo indica que fixo a unha consulta na asesoría xurídica do seu partido e que se lle di que a Alcaldía puido impoñer unha sanción igual ou inferior á proposta pola instructora do procedemento sancionador. O Alcalde expón que efectivamente se copiou a sanción proposta pola instructora do expediente que ademais é funcionaria da Deputación.

A Sra. Díaz expón que a cantidade que se vai aboar corresponde coa sanción imposta a un funcionario pola comisión dunha falta moi grave. A sentenza sinala que o Concello ten que aboar esa cantidade por entender que houbo falta de proporcionalidade ó establecer a sanción. Trátase do

salario dos tres anos de inhabilitación impostos polo Concello como sanción polo que os máis perxudicados son os veciños xa que coa inhabilitación o funcionario non puido levar a cabo as súas funcións e sen embargo agora, pola mala xestión do conflito do órgano de goberno hai que aboarlle o salario de tres anos. Renunciouse ó traballo efectivo dun funcionario e sen embargo hai que aboarlle o seu salario. O sentido do seu voto será a abstención ó existir unha sentenza xudicial e o perxuízo que implica para os veciños por non tentar un acordo extraxudicial por parte do grupo de goberno.

A Sra. Muiño, en relación ós tres informes ós que se refire o Sr. Rodriguez, estes utilizáronse na sentenza para argumentar que se obrou do xeito mais obxectivo posible e en virtude dun asesoramento previo. Utilízase este argumento para desestimar unha alegación que se basaba en que a sanción era a reprimenda por exixir a aplicación do convenio urbanístico. Un convenio urbanístico no que o funcionario sancionado estaba actuando en representación doutra entidade para defender os intereses desta en contra dos intereses do Concello. A portavoz lee un extracto da sentenza e sinala que a forma de proceder polo grupo de goberno é das situacións mas desagradables que se poden vivir dentro dunha administración, cando se ten responsabilidade e toca gobernar.

En relación á intervención de Esther recrimina que o denominen como “conflito laboral”. Calquera membro da corporación que aposte por un comportamento democrático ten que defender as boas prácticas dos servidores públicos. Cando se detecta unha actuación en contra dos intereses xerais ten que intervir.

A sra. María Muiño, afirma que os servidores públicos deben ser exemplares e asevera que cando se detecta unha falta moi grave nun servidor público, quen ten a responsabilidade de xestionar debe actuar regulamentariamente. Por iso o concello acude á asistencia técnica da Deputación e actúa coma determina a instructora do expediente, resolvendo a sanción máis baixa das posibles. No intre no que o funcionario expedientado impugna diante do Xulgado a sanción, a xuíza reafirma que a calificación da infracción foi moi grave, e conclúe que a sanción que corresponde é o demérito do funcionario. En consecuencia, o grupo de goberno eleva ao Pleno proposta de modificación de crédito para asumir a sentenza. Porén, o grupo de goberno non calificou a infracción senon que acudiu á asistencia técnica sobredita, obxetiva, independente e allea, salvagardando os dereitos do funcionario expedientado, salvando o clima laboral entre compañeiros e acadando a normalidade no funcionamento municipal diante uns feitos tan desagradables. A sra. Muiño sulina que se o expediente estivera mal tramitado, reflectiríase nas alegacións do funcionario expedientado, cousa que non sucedeu. En consecuencia, o concello actuou exemplarmente.

O Sr. Rodríguez reitera que o concello debeu resolver o expediente disciplinario pola vía da conciliación.

A Sr. Díaz afirma que leeu a sentenza que dí que houbo falta de proporcionalidade ao aplicar a sanción por unha falta grave. O Alcalde puntualiza que a falta non foi grave, senon moi grave e sinala que o expediente xa está rematado, que afecta a un funcionario, hoxe xubilado, que é un veciño máis do concello cós seus erros e os seus acertos e o deséxalle que disfruite da xubilación por moitos anos. Lembra que as faltas moi graves, na administración pública, deben ser sancionadas disciplinariamente e máis tratándose dunha categoría das máis altas na función pública, un grupo A. Conclúe ratificando o dito pola portavoz do BNG na súa intervención, alude ós problemas da xustiza polo retardo nas resolucións xudiciais e amosa o seu desacordo

na aplicación do demérito pola perda de exemplaridade e de efectos reais proporcionais á gravidade da falta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por sete votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG, con catro abstencións, das concelleiras e concelleiros do PP e PSOE, acorda aprobar a indicada proposta da Alcaldía.

CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC05-2021 SRC02-2021, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS CON CARGO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA.

Antes do inicio do debate, sendo as vinte horas e dous minutos, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Hermida Prieto, por ter relación cunha cooperativa á que afecta directamente o expediente de modificación de créditos que se vai debater.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que resume brevemente a Sra. Muiño, e que literalmente di:

Mediante Providencia de data do 12-05-2021, iniciouse expediente de modificación do orzamento en vigor mediante créditos extraordinarios financiados con parte do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-intervención Municipal sobre o procedemento, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, sobre a inexistencia de Plan Económico Financeiro en vigor, e sobre la posibilidad de utilización do citado remanente de tesourería para gastos xerais, que constan no expediente.

Resultando que é necesaria para a Corporación a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para facer fronte ós pagos derivados dunha indemnización recoñecida en sentenza xudicial firme. Resultando que a actividade que desenvolve este Concello no ámbito das súas competencias requiren a realización de gastos de carácter específico e determinado para os que non existen ou son insuficientes os créditos existentes do vixente orzamento e que non poden demorarse hasta o exercicio seguinte, posto que poderían perxudicarse os servizos e actividades que presta o Concello.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-intervención sobre os aspectos xurídicos do expediente, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto e sobre a utilización do remanente de tesourería.

Considerando que este Concello conta con remanente de tesourería para gastos generales, que cumpre os requisitos previstos no artigo 32, a D.A. 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e a D.A. 16ª do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

Mediante o presente propoño ó Pleno da Corporación adopción, previo ditame da Comisión Informativa competente, da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de modificación de créditos MC05-2021 SCR02-2021, de créditos extraordinarios financiados co Remanente de Tesourería para gastos xerais cuxo resumen é o seguinte:*

RESUMEN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

C	CAPITULO	AUMENTOS	DISMINUCIONES
1	<i>GASTOS DE PERSONAL</i>		
2	<i>BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS</i>	282.828,60 €	
3	<i>GASTOS FINANCIEROS</i>		
4	<i>TRANSFERENCIAS CORRIENTES</i>		
5	<i>FONDO DE CONTINGENCIA</i>		
Gastos operaciones corrientes		282.828,60 €	
6	<i>INVERSIONES REALES</i>		
7	<i>TRANSFENCIAS DE CAPITAL</i>		
Gastos operaciones de capital			0,00 €
GASTOS NO FINANCIEROS		282.828,60 €	0,00 €
8	<i>ACTIVOS FINANCIEROS</i>		
9	<i>PASIVOS FINANCIEROS</i>		
GASTOS FINANCIEROS			0,00 €
TOTAL GASTOS		282.828,60 €	0,00 €
FINANCIACIÓN			IMPORTE
<i>A) Con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales</i>			282.828,60 €
<i>B) Con nuevos o mayores ingresos</i>			
<i>C) Mediante anulaciones o bajas de créditos</i>			

TOTAL FINANCIACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

282.828,60 €

O detalle do destino previsto dos créditos extraordinarios propostos, con indicación das aplicacións orzamentarias que corresponden, é o seguinte:

<i>Aplicación</i>	<i>Gasto</i>	<i>Importe</i>
920-22604	Indemnización por sentencia firme PO 160/2015 XC-A 1 Ferrol	282.828,60 €
	TOTAL	282.828,60 €

SEGUNDO.- Declarar necesarios e urxentes os referidos gastos e a insuficiencia doutros medios para o seu financiamento, que se realizará mediante o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais axustado polo importe da modificación.

TERCEIRO.- Exponer ao público a aprobación inicial no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación, poñendo a disposición do público a documentación correspondente, durante o citado prazo os interesados poderán examinar a documentación e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

CUARTO.- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións ou suxestións que se formulen, que se resolverán con carácter definitivo, ou en caso de que nou se presenten, o acuerdo provisional elevarase automáticamente a definitivo.

QUINTO.- O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Do expediente da modificación de créditos definitivamente aprobada remitirase copia á Administración del Estado e da Comunidade Autónoma simultaneamente á súa remisión ao Boletín Oficial da Provincia."

O Sr. Hermida anuncia a súa ausencia por tratarse dun asunto que lle afecta personalmente.

O Sr. Rodríguez expresa o seu voto de abstención por entender que non se debería ter chegado á vía xudicial e pregunta se o precio que se vai pagar na actualidade é o prezo xusto da parcela en cuestión e se houbo unha proposta valorada formalmente, mostrando o seu asombro de que non se creara unha comisión para xestionar este asunto cós resto de grupos.

A Sra. Trigo fai un repaso do expediente e conclúe que houbo unha mala xestión porque se leva o asunto a Pleno sen informe do Secretario-Interventor nin doutro informe técnico. Sinala que se omitiu a exposición pública do Convenio asinado, negándosele aos veciños con posibles intereses o dereito de presentar alegacións. Evidencia que a indemnización demandada pola Cooperativa é excesiva por canto representa o dobre do sinalado pola sentenza. Alude que o intento de achegamento realizado polo Concello foi insuficiente, se ben recoñece que pola outra parte tampouco se esforzaron. Sinala que no 2015, por acordo plenario se anulou o Convenio e que finalmente débese executar a sentenza que obriga ao concello a facer o abono da cantidade fixada. Cree que non deben pagar os veciños senon que debe haber outras responsabilidades porque non se fixeron as cousas ben. Solicita que conste en acta que o sentido do seu voto será a abstención por existir unha sentenza pero non esta de acordo en que sexan os veciños os que teñan que pagar unha mala xestión do equipo de goberno. Por outra

parte entende que o Alcalde debe explicar a tramitación do Convenio e o por qué da inexistencia dos informes preceptivos do Secretario-Interventor.

A Sra. Muiño sulina que se debe diferenciar a tramitación do Convenio da modificación orzamentaria que se vai votar. Xustifica o Convenio pola necesidade de mercar solo para a construción do Centro de Día, coa finalidade de prestar un servizo aos veciños dependentes e ás súas familias. O Convenio é público, aprobose nun Pleno que é público e recolle un acordo sobre a cesión dun terreo a cambio dunha compensación municipal de recalificación urbanística de parcelas. Reitera que o propio Convenio recolle o dereito de calquera das partes para adoptar as medidas pertinentes para a defensa dos seus dereitos. Entende que a orixe do conflito reside en que no intre actual non esté aprobado o PXOM, previsto para un prazo de cinco anos. A cooperativa neste período temporal estima que lle interesa outra solución e encetan unha serie de xuntanzas có grupo de goberno. Queda evidenciada a vontade negociadora do concello e de aceptación do resultado da valoración da sentenza, que culmina co proceso previsto no convenio para a lexítima defensa dos intereses das partes. Coincide en que se debe pagar o xusto precio para protexer os intereses dos veciños, reitera a vontade negociadora, a aceptación da sentenza e a vontade de dotar de servizos ao concello de San Sadurniño.

O Alcalde lembra que cando escomezaron a gobernar non había solo dotacional porque os anteriores gobernos do PP non foron quen de prevelos e o concello tiña unha necesidade imperiosa de prestar servizos aos veciños. Principiaron as xestións con diferentes propietarios e finalmente coa Cooperativa ata chegar ao Convenio. Complicouse este Convenio por causa da tardanza na aprobación definitiva do PXOM debido ós retrasos da Xunta nos seus informes. En relación coa negociación ésta está documentada mesmo coa derradeira petición de millón e medio de euros por parte dos liquidadores, e ata dispois da sentenza, hai un ano aínda, mantivemos xuntanzas sen que se chegara ao xustiprecio que definirá a sentenza. Nembargantes a parte urbá da finca debe ser planificada e empregadas para dar servizos como son os do Centro de Día. En remates, o concello aboará o custe da finca, pero hai que dicir que cando o BNG chegou ao goberno atopou un remanente de tesourería arredor dos 500.000 euros, cun crédito bancario de 300.000 euros que debían devolverse aos bancos, mentres que na actualidade, este grupo de goberno, xestiona un remanente de 1.800.000 euros sen ningún crédito no banco. Lébralle ao representante do PSOE que fixeron asembleas por todas as parroquias afirmando que habería de pagárselle á Cooperativa un millón e medio de euros, pero insiste, o Alcalde, na obriga de todos os representantes dos cidadáns para defender os intereses xerais do concello fronte ás demandas exorbitadas de prezos de venda dos particulares. E finalmente pide que se fixe a atención no feito de que esa finca non se mercou para especular senon para dotar de servizos ás persoas maiores de San Sadurniño.

A Sra. Trigo dí que os intereses dos veciños non se defenden neste caso porque non se respetou o trámite de exposición pública do Convenio. O Alcalde replica decíndolle que non se debe manipular a información porque cando se aprobou inicialmente o Convenio expúxose ao público, e ademáis, toda vez que o PXOM incluía o texto do Convenio, calquera parte interesada puido presentar alegacións, como de feito fixo a propia concelleira intervinte.

A Sra. Trigo afirma que o PXOM non é responsable da carestía da finca.

Resposta o Alcalde que él non é que ten que fixar o xustiprecio senon os informes técnicos obxectivos.

O Sr. Rodríguez pídelle ao Alcalde que no sucesivo conte con él, como representante do PSOE, para abordar a negociación de asuntos coma éste.

O Alcalde acepta a súa petición e lémbrale que o anterior portavoz xa estivo presente nas negociacións.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por sete votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG, con tres abstencións, das concelleiras do PP e o concelleiro do PSOE, acorda aprobar a indicada proposta da Alcaldía.

QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC06-2021 SRC03-2021, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS CON CARGO Ó REMANENTE DE TESOURERÍA.

Sendo as vinte horas e corenta minutos, ocupa de novo o seu lugar no salón de sesións o concelleiro Sr. Hermida Prieto.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa ó asunto, que resume brevemente a Sra. Muiño, e que literalmente di:

“Mediante Providencia de data do 14-05-2021, iniciouse expediente de modificación do orzamento en vigor mediante créditos extraordinarios financiados con parte do remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do orzamento do exercicio 2020.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-intervención Municipal sobre o procedemento, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, sobre a inexistencia de Plan Económico Financeiro en vigor, e sobre la posibilidad de utilización do citado remanente de tesourería para gastos xerais, que constan no expediente.

Resultando que é necesaria para a Corporación a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para facer fronte ós pagos derivados dunha indemnización recoñecida en sentenza xudicial firme.

Resultando que a actividade que desenvolve este Concello no ámbito das súas competencias requiren a realización de gastos de carácter específico e determinado para os que non existen ou son insuficientes os créditos existentes do vixente orzamento e que non poden demorarse hasta o exercicio seguinte, posto que poderían perxudicarse os servizos e actividades que presta o Concello.

Vistos os informes emitidos pola Secretaría-intervención sobre os aspectos xurídicos do expediente, sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto e sobre a utilización do remanente de tesourería.

Considerando que este Concello conta con remanente de tesourería para gastos generales, que cumpre os requisitos previstos no artigo 32, a D.A. 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e a D.A. 16ª do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

Mediante o presente propoño ó Pleno da Corporación adopción, previo ditame da Comisión Informativa competente, da seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- *Aprobar o expediente de modificación de créditos MC06-2021 SCR03-2021, de créditos extraordinarios financiados co Remanente de Tesourería para gastos xerais cuxo resumen é o seguinte:*

RESUMEN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

C	CAPITULO	AUMENTOS	DISMINUCIONES
1	GASTOS DE PERSONAL		
2	BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS		
3	GASTOS FINANCIEROS		
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES		
5	FONDO DE CONTINGENCIA		
Gastos operaciones corrientes			
6	INVERSIONES REALES	604.970,35 €	
7	TRANSFENCIAS DE CAPITAL		
Gastos operaciones de capital			
GASTOS NO FINANCIEROS			
8	ACTIVOS FINANCIEROS		
9	PASIVOS FINANCIEROS		
GASTOS FINANCIEROS			
TOTAL GASTOS		604.970,35 €	
FINANCIACIÓN			IMPORTE
A) Con cargo al Remanente de Tesorería para Gastos Generales			604.970,35 €
B) Con nuevos o mayores ingresos			
C) Mediante anulaciones o bajas de créditos			

TOTAL FINANCIACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS

604.970,35 €

O detalle do destino previsto dos créditos extraordinarios propostos, con indicación das aplicacións orzamentarias que corresponden, é o seguinte:

<i>Aplicación</i>	<i>Gasto</i>	<i>Importe</i>
162-60001	Adquisición de vehículo para recollida de lixo "porta a porta"	127.050,00 €
171-60002	Adquisición de tractor para prevención de incendios e servizos medioambientais	71.390,00 €
920-60003	Obra de cuberta do patio do Pazo da Marquesa para mellora enerxética	60.000,00 €
342-60004	Mellora da accesibilidade do pavillón polideportivo	76.668,20 €
160-60005	Saneamento entre Silvalonga e A Portela	180.000,00 €
453-60006	Mellora rede viaria municipal	40.000,00 €
160-60007	Melloras na EDAR da Portela	49.862,15 €
	TOTAL	604.970,35 €

SEGUNDO.- Declarar necesarios e urxentes os referidos gastos e a insuficiencia doutros medios para o seu financiamento, que se realizará mediante o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais axustado polo importe da modificación.

TERCEIRO.- Exponer ao público a aprobación inicial no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte á súa publicación, poñendo a disposición do público a documentación correspondente, durante o citado prazo os interesados poderán examinar a documentación e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

CUARTO.- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións ou suxestións que se formulen, que se resolverán con carácter definitivo, ou en caso de que nou se presenten, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.

QUINTO.- O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Do expediente da modificación de créditos definitivamente aprobada remitirase copia á Administración del Estado e da Comunidade Autónoma simultaneamente á súa remisión ao Boletín Oficial da Provincia."

A portavoz do BNG expón a proposta.

O Sr. Rodríguez expresa a súa intención de voto favorable.

A Sra. Trigo expresa a intención do grupo popular de absterse, concordando na necesidade de merca dos vehículos pero expresando o seu desacordo coa falla de instalacións para gardalos e conservalos adecuadamente.

O Alcalde acepta a suxerencia realizada e explica que o concello xa ten unha nave alugada para gardalos. Igoalmente afirma que non se desbota a proposta e que están na agarda da

consolidación das zonas industriais para a merca de solo e futura construción dunha nave de servizos e lembra que teñen solicitada subvencións para a merca destes vehículos á Xunta.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e do PSOE, con tres abstencións, das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

SEXTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (E ACORDOS SOBRE A SÚA APLICACIÓN Ó PERSOAL FUNCIONARIO).

A Sra. Muiño di que a proposta é resultado da negociación colectiva cos empregados municipais, fruto do consenso e aplicable tamén ó persoal funcionario. A proposta da Alcaldía sobre o asunto, que comprende as modificacións propostas en cada un dos artigos afectados, é a seguinte:

“ANTECEDENTES

O Concello, en estreita colaboración coa representación sindical do persoal municipal, leva varios anos desenvolvendo un proceso de mellora dos recursos humanos, que foi derivando na consecución de varios fitos de suma importancia.

Deste xeito, o Concello de San Sadurniño dotouse en 2015 do primeiro convenio colectivo que regulaba as condicións de traballo do persoal laboral municipal.

Ou, ao longo do ano 2020, a Mesa xeral negociadora chegou a un acordo para modificar a Relación de Postos de Traballo de todo o persoal municipal, entrando en vigor o primeiro de xaneiro de 2021.

En aplicación dos acordos da propia RPT, e no contexto de mellora indicado, agora faise precisa realizar unha modificación do contido do Convenio colectivo do persoal laboral, de cara a facilitar a aplicación práctica da RPT.

Asemade, esta modificación tamén vai incidir na mellora das condicións sociais do persoal municipal, e sobre todo na equiparación desas condicións para todo o persoal, xa sexa funcionario ou laboral.

Neste contexto, en cumprimento da normativa existente, e co propósito de mellorar as condicións laborais do conxunto do persoal ao servizo do Concello de San Sadurniño, e no exercicio das competencias legalmente atribuídas, esta Alcaldía.

PROPÓN

- 1. Aprobar a modificación do I Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de San Sadurniño, segundo se recolle no texto anexo.*
- 2. A regulación contida no Convenio que mediante o presente acordo se aproba será tamén de aplicación ao persoal funcionario do Concello no que non sexa incompatible co seu réxime estatutario legalmente establecido, e de maneira transitoria mentres se aproba un instrumento xurídico regulador das súas condicións de traballo específicas.*

ANEXO:

MODIFICACIÓN DO I CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Artigo 2. Ámbito persoal

O presente Convenio colectivo aplicarase ao persoal laboral do Concello de San Sadurniño, nomeadamente ao persoal laboral fixo, ao persoal laboral con contrato de duración indefinida e ao persoal laboral con contrato de duración determinada.

En todo caso, o persoal con contrato temporal realizado ao amparo de convenios ou subvencións doutras Administracións públicas, estará ao indicado no artigo 39, e nomeadamente non se lles aplicarán os artigos 20, 31, 32, 35, 36, 40, 41, 42, 44 do presente convenio colectivo, e se rexerán polo indicado nos contratos, nas bases das correspondentes convocatorias ou convenios polos que se realice a contratación, así como pola normativa laboral de aplicación xeral.

Artigo 23. Calendario laboral

- 1. O calendario laboral ordinario no Concello de San Sadurniño será o que se estableza, con carácter xeral polos organismos competentes da Administración central, autonómica e local, dentro das súas respectivas competencias, e afecte ao conxunto da Administración local de Galicia, e ao Concello de San Sadurniño en particular. Todo isto sen prexuízo dos calendarios especiais que, polas súas particularidades dos diferentes servizos, e en atención ao seu interese e adecuada prestación, poidan existir.*
- 2. Os días 24 e 31 de decembro permanecerán pechadas as oficinas públicas. Incorporarase un día de permiso cando os días 24 e 31 de decembro coincidan en sábado, domingo ou día non laborable. Así mesmo, o 22 de maio, día de Santa Rita, será celebrado como día da patroa dos empregados e das empregadas públicas da Administración local. Nembargante, e co fin de non causar trastornos á cidadanía, a dita festividade incorporarase como día de libre disposición evitando así pechar as dependencias municipais ou paralizar servizos.*
- 3. Os calendarios laborais incorporarán cada ano natural, e como máximo, un día de permiso por cada unha das festividade laborais de ámbito nacional ou da Comunidade Autónoma de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble polas Comunidades Autónomas, que coincidan en sábado.*

Artigo 25. Xornada laboral

- 1. A xornada ordinaria de traballo no Concello de San Sadurniño será a que, en cada momento se estableza para as empregadas e empregados públicos. Na actualidade, a normativa vixente sinala que a xornada ordinaria de traballo terá un mínimo de 37,5 horas semanais. As persoas asinantes do presente Convenio colectivo comprométese a aplicar as oportunas modificacións regulamentarias co obxecto de que a devandita xornada ordinaria poida quedar establecida en 35 horas semanais, na medida en que as disposicións legais así o permitan.*
- 2. O horario laboral, con carácter xeral, será de luns a venres, de 07:00 a 14:30 horas.*
- 3. Malia o indicado nos parágrafos precedentes, determinados servizos municipais posúen unhas casuísticas propias, que fan que precisen contar cuns horarios específicos, que se establecerán entre as partes.*
- 4. O Concello de San Sadurniño reconece o dereito do persoal ao seu servizo á conciliación da vida laboral e familiar, polo que serán de aplicación medidas adicionais de flexibilidade horaria, de conformidade co previsto na normativa vixente.*
- 5. De cara a harmonizar en todo o persoal municipal o relativo ao horario, así como á flexibilidade horaria e aos mecanismos de control e xustificación de ausencias, as partes negociarán un regulamento xeral, de aplicación tanto ao persoal laboral como ao funcionario, que estableza estas materias.*
- 6. De igual maneira, ambas as partes negociarán de forma conxunta para todo o persoal municipal, tanto laboral como funcionario, a regulación do teletraballo ou a realización de actividades laborais fóra do posto de traballo.*

Artigo 27. Compensación de servizos extraordinarios

- 1. A realización de traballos fóra da xornada ordinaria compensaranse preferentemente con horas libres, a razón de dúas horas por cada hora extraordinaria traballada dentro da xornada de luns a sábado. As horas de compensación acumularanse preferentemente ata chegar a completar*

xornadas laborais enteiras, que se desfrutarán nos catro meses seguintes.

- 2. Cando os servizos extraordinarios se realicen en domingo, festivo ou de noite compensaranse en todo caso con tres horas por hora traballada.*
- 3. Cando a disposición de horas libres para compensar a realización de horas extraordinarias poida supoñer un grave prexuízo para o funcionamento do servizo, a compensación horaria poderá substituírse pola remuneración económica, nas contías que para cada nivel se estableza no capítulo de retribucións.*
- 4. De ser o caso, o pagamento das horas extraordinarias incluírase na nómina do mes seguinte.*
- 5. A Comisión de seguimento revisará a aplicación práctica dos procedementos de xustificación e compensación definidos no presente Convenio colectivo.*

Artigo 28. Tempo de traballo efectivo

- 1. Todo o persoal en réxime de xornada continuada e especial, gozará dunha pausa de trinta minutos na xornada, computándose como traballo efectivo, sempre que a xornada sexa de seis ou máis horas continuadas. Este descanso non poderá afectar á prestación dos servizos e, con carácter xeral, non poderá desfrutarse durante a primeira hora despois da entrada, nin na última hora do remate da xornada.*
- 2. O tempo de traballo computarase de modo que, tanto ao comezo coma ao remate da xornada diaria, a persoa traballadora se atope no seu posto de traballo, considerándose como traballo efectivo aquel que sexa imprescindible para recoller, ordenar e gardar roupa, materiais e útiles de traballo. A mesma consideración terá o tempo utilizado para cumprir coas normas de seguridade e hixiene no traballo. En calquera caso, o tempo empregado en cambiarse de roupa, non poderá superar os 10 minutos.*
- 3. Para o persoal que desenvolva a súa actividade en lugares de traballo non fixos ou itinerantes, o cómputo da xornada normal de traballo comezará a partir do lugar de recollida ou reunión establecido. No caso do Servizo de axuda no fogar municipal, o cómputo comezará no domicilio onde desenvolvan a súa xornada, tanto na entrada como na saída do traballo.*

Artigo 31. Vacacións, permisos e licenzas

No referente a licenzas, vacacións e permisos tomarase como referencia o disposto na lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia e no Estatuto básico do empregado público, así como naquelas resolucións da Xunta de Galicia nas que se diten as instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, co fin de equiparar o persoal laboral e funcionario.

Sen prexuízo do anterior, para o persoal laboral do Concello de San Sadurniño, no presente Convenio colectivo contéplase o seguinte:

- 1. As vacacións terán a duración de 22 días hábiles por ano completo de servizo, ou dos días que correspondan proporcionalmente, se o tempo de servizo durante o ano foi menor. A estes efectos os sábados considéranse inhábiles, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.*
- 2. As vacacións desfrutaranse previa autorización e sempre que resulte compatible coas necesidades do servizo, dentro do ano natural e ata o 30 de xaneiro do ano seguinte. Sen prexuízo do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, poderase solicitar o desfrute independente de ata 5 días hábiles por ano natural, que poderán acumularse aos días de asuntos persoais.*
- 3. Cando o período de vacacións previamente fixado e autorizado, poida coincidir co tempo dunha situación de incapacidade temporal, risco perante a lactancia, risco perante o embarazo ou cos permisos de maternidade/paternidade ou permiso acumulado de lactancia, poderase gozar en data distinta.*
- 4. Cando os permisos indicados impidan iniciar o desfrute das vacacións dentro do ano natural poderanse trasladar ao ano natural seguinte. No suposto de incapacidade temporal o período de*

vacacións gozarse unha vez finalizase esta e sempre que non transcorresen máis de dezoito meses a partires do final do ano no que se orixinaron.

5. *Se durante o período de vacacións autorizado, sobreviñera o permiso de maternidade/paternidade ou unha situación de incapacidade temporal, o período de vacacións quedará interrompido podendo gozarse o tempo que reste nun período distinto dentro do ano natural, ou do ano natural posterior no caso de non ser posible.*
6. *As vacacións gozaranse preferentemente e con carácter xeral entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, respectando sempre as necesidades do servizo.*
7. *No caso do persoal que traballa a quendas, non poderá comezar o período vacacional en descanso semanal establecido.*
8. *O plan de vacacións anuais será elaborado antes do 1 de abril de cada ano, para a súa negociación coas persoas representantes das traballadoras e dos traballadores, de modo que cada traballadora e cada traballador poida coñecer as datas que lle correspondan, polo menos con dous meses de antelación á data do comezo daquelas.*
9. *Preferencia para o goce do período de vacacións anuais:*
 - *O Concello de San Sadurniño recoñece o dereito preferente á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes ao seu servizo, e polo tanto a elección en primeiro lugar a mulleres e homes con fillas ou fillos menores de doce anos ou maiores dependentes ao seu coidado*
 - *Nos servizos onde poidan producirse colisión de intereses respecto ao goce das vacacións, organizaranse as quendas de forma obrigatoria, de xeito rotativo, comezando pola persoa traballadora con maior antigüidade. En caso de persistir empate, aplicarase a orde alfabética de primeiro apelido e nome, comezando pola letra que cada ano se establece a nivel xeral para os procesos selectivos das distintas Administracións públicas*
10. *As vacacións non poderán ser compensadas en metálico nin en todo nin en parte, agás cando no transcurso do ano se produza a extinción da relación de emprego da persoa traballadora ou sexa declarada esta en situación de excedencia ou de suspensión de funcións e aínda non teña gozado ou completado na súa totalidade o goce do período vacacional.*
11. *No suposto de producirse colisión de intereses entre a persoa traballadora afectada pola enfermidade ou por accidente e aqueloutras do seu mesmo servizo, que xa as teñen programadas, terán estas últimas preferencia sobre aquela, que en todo caso deberán supeditarse ás necesidades do servizo.*
12. *O calendario anual de vacacións poderá ser modificado con carácter individualizado, trala solicitude das persoas interesadas, sempre que non exista oposición, fundamentada en razóns obxectivas do servizo, e non se afecte a intereses de terceiras persoas no ámbito das quendas establecidas.*

Artigo 32. Tramitación dos permisos e licenzas

1. *As solicitudes de permisos e licenzas serán xestionadas e xustificadas por medio da aplicación informática que o Concello estipule para o control de presenza, logo da correspondente negociación coa parte social.*
2. *Calquera resolución negativa deberá ser debidamente motivada e argumentada. Previamente á adopción de calquera resolución denegatoria deberá ser oída a persoa interesada e a comisión de seguimento ou no seu defecto, a representación sindical das traballadoras e dos traballadores.*
3. *Carecerán de validez e consideraranse nulos a todos os efectos, os permisos e licenzas que non sexan tramitados e resoltos consonte o establecido no presente Convenio, sen prexuízo do establecido nos casos de urxente necesidade.*
4. *No caso de permisos e licenzas por feitos producidos na mesma ou en distinta localidade, tomarase como referencia o termo municipal da residencia habitual do traballador ou da traballadora*

municipal.

Artigo 33. Estabilidade no emprego

- 1. As actuais restricións á contratación nas Administracións públicas están a provocar, como un efecto indesexado máis, a cronificación da inestabilidade laboral no cadro de persoal do Concello polo que para afrontar esa forma de precariedade no emprego, o Concello potenciará a estabilidade do seu persoal.*
- 2. Cando unha persoa traballadora sume períodos de contratación ininterrompidos cunha duración global de máis de tres anos, considerarase contratada indefinida por parte do Concello.*
- 3. En ningún caso poderá xustificarse a non renovación dun contrato laboral pola posibilidade de exceder o período de tres anos continuados de traballo. Esta circunstancia determinará a necesidade de recoñecer o carácter indefinido dun contrato, non a súa rescisión ou non renovación.*
- 4. O Concello promoverá a contratación fixa nos postos ocupados por persoas contratadas indefinidas, é dicir, por persoal que acadou os tres anos ininterrompidos no seu posto de traballo. Para iso convocará procesos selectivos conforme ás disposicións legais vixentes que afecten ao emprego público.*
- 5. Eses procesos selectivos realizaranse polos procedementos de oposición, concurso-oposición ou concurso. No caso específico do concurso-oposición, a fase de concurso terá unha puntuación equivalente ao 40% da total acadable.*
- 6. Así mesmo, o Concello, firme defensor da xestión pública dos servizos municipais, garantirá a todas as traballadoras e traballadores dos seus servizos o dereito á estabilidade laboral incluso no caso de externalización ou privatización de calquera dos servizos que ofrece ou chegue a ofrecer á veciñanza de San Sadurniño.*
- 7. Cando, no proceso de desenvolvemento dun servizo ou servizos, o Concello ou unha empresa concesionaria cese na súa prestación por calquera causa, a nova empresa adjudicataria está, en todo caso, obrigada a subrogarse nos contratos das persoas traballadoras adscritas aos postos, funcións e lugares de traballos propios do dito servizo, calquera que sexa a modalidade de contratación dos mesmos, e/ou a categoría laboral.*
- 8. Igualmente procederá a subrogación cando exista un cambio na titularidade das instalacións onde se presta o servizo.*

CAPÍTULO XI

CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E SISTEMA RETRIBUTIVO

Artigo 34 bis. Sistema de clasificación profesional

Os grupos profesionais nos que se distribúe o persoal e os niveis de titulación académica requiridos para acceder a eles son:

- Grupo I. Titulación dos niveis 3 ou 4 do MECES, como doutorado, licenciatura ou equivalente*
- Grupo II. Titulación do nivel 2 do MECES, como diplomatura, grao ou equivalente*
- Grupo II-B. Titulación do nivel 1 do MECES, como Técnico superior ou equivalente*
- Grupo III. Titulación en Bacharelato, Técnico de FP de grao medio ou equivalente*
- Grupo IV. Titulación en Educación Secundaria Obrigatoria, título profesional básico ou equivalentes*
- Grupo V. Sen titulación prevista no sistema educativo vixente, como certificado de escolaridade ou equivalente*

Artigo 35. Estrutura retributiva

- 1. Os conceptos retributivos do persoal laboral do Concello de San Sadurniño equipáranse cos do*

persoal funcionario, sendo os seguintes:

- *Retribucións básicas:*

- Soldo*
- Antigüidade/Trienios*
- Pagas extraordinarias*

- *Complemento de destino, correspondente ao nivel que posúa o posto de traballo na Relación de postos de traballo en vigor*
 - *Complemento específico, correspondente á puntuación que posúa o posto de traballo na valoración da Relación de postos de traballo en vigor para retribuír as súas condicións particulares*
2. *As retribucións por salario, trienios e complemento de destino terán a mesma contía que establezan os Orzamentos xerais do Estado para o persoal funcionario en cada grupo e nivel equivalente.*
 3. *As retribucións polo complemento específico virán determinadas por multiplicar os puntos propios do posto de traballo polo valor económico do punto resultante de dividir a cantidade total estipulada para este concepto, entre o total de puntos de todo o persoal municipal valorado na RPT.*
 4. *As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, abonaranse a primeira no mes de xuño e a segunda nos primeiros cinco días de decembro.*
 5. *En aplicación da Relación de postos de traballo e doutros acordos laborais, poderanse establecer complementos persoais de natureza transitoria.*
 6. *O persoal con xornada de traballo reducida, experimentará unha redución proporcional sobre o total das retribucións correspondentes a xornada completa.*

Artigo 36. Gratificacións e produtividade

1. *As gratificacións, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu abono, deberán responder a servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo. A realización de servizos extraordinarios responderán a motivos organizativos ou necesidades do servizo debidamente acreditadas e autorizadas.*
2. *A retribución dos servizos extraordinarios terá carácter excepcional, debendo ser compensados preferentemente en tempo libre. En todo caso, cando se dean situacións de excepcionalidade que impiden a compensación en tempo libre, os servizos extraordinarios serán retribuídos co seguinte criterio:*
 - *Cada hora extraordinaria traballada dentro da xornada laborable e diúrna retribuirase co valor dunha hora normal incrementada nun 100%*
 - *Cada hora extraordinaria traballada en sábados non laborables, días libres, domingos e festivos, ou en horario nocturno retribuirase co valor dunha hora normal incrementada nun 200%. A duración da xornada extraordinaria terá un mínimo de tres horas, a efectos de retribución, a partir das que se incrementará o seu valor en función do tempo de traballo efectivo*
3. *O valor da hora normal de traballo será o resultado de dividir a retribución anual bruta de cada traballador ou traballadora entre 1.647 (xornada laboral en cómputo anual).*
4. *Todo o persoal laboral que, por necesidades do servizo, se vexa obrigado a traballar as noites dos días 24 e 31 de decembro, compensarase cunha gratificación especial, igual ao valor cuádruplo dunha xornada normal de traballo efectivo.*
5. *A regulación das gratificacións e do concepto de produtividade será acordada entre as partes negociadoras, e terá unha aplicación xeral e unitaria a todo o persoal municipal, quer laboral, quer funcionario.*

Artigo 37. Indemnizacións por razóns de servizo

1. Gastos de desprazamento:

Terán a consideración de gastos de desprazamento as cantidades a pagar ao persoal polos gastos ocasionados pola utilización de calquera medio de transporte por razón do servizo encomendado. Este concepto equivale a viaxar por conta da entidade utilizando o medio de transporte que se determine, procurando que o desprazamento se efectúe por liñas regulares de transporte.

Para o seu pagamento estarase ao disposto en cada momento para a Administración xeral do Estado en materia de gastos de custos e quilometraxe, actualmente regulado polo RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O persoal laboral que por razóns de servizo deba desprazarse no seu vehículo como parte do seu traballo habitual, presentará mensual ou trimestralmente un documento no que se especifiquen as datas e o lugar do desprazamento para o seu cobro. A cantidade fixa mensual que as persoas traballadoras do Servizo de axuda no fogar viñan recibindo en concepto de transporte desaparece debido á súa inclusión na valoración feita na RPT do dito posto de traballo.

2. Axudas de custo:

Entenderase por axuda de custo a cantidade que se pagará polos gastos orixinados cada día pola estancia e manutención fóra da residencia habitual por razóns de servizo. Estas contías actualizaranse automaticamente de acordo á lexislación estatal.

A indemnización para manutención deberá facerse efectiva para desprazamentos por razóns de servizo fóra do termo municipal cando:

- O servizo se realice en horario de mañá e tarde
- O servizo se realice en horario de tarde, tendo o seu comezo antes das 16:00 horas

A indemnización por aloxamento requirirá a imposibilidade de voltar ao domicilio no mesmo día. Esta circunstancia deberá acreditarse ante a comisión de seguimento.

As indemnizacións deberán facerse efectivas dentro do mes seguinte á realización do servizo e previa presentación das facturas que acrediten os ditos gastos, a excepción dos gastos de quilometraxe que deberán ser validados en función das táboas oficiais de distancias quilométricas.

As contías das axudas son as recollidas na seguinte táboa:

Aloxamento	Manutención	Axuda de custo completa	Media axuda de custo	Quilometraxe
102,56 €	53,34 €	90,00 €	60,00 €	0,19 €/km

3. Indemnización especial:

A indemnización especial defínese como a compensación que corresponde polos danos, perdas ou gastos extraordinarios que se produzan sobre o patrimonio da traballadora ou traballador por razón ou como consecuencia dos servizos encomendados.

As contías das indemnizacións por razóns de servizo establecidas neste artigo, serán actualizadas anualmente nas contías que para estes efectos determine a normativa estatal.

Artigo 40. Constitución dun fondo social

1. O Concello de San Sadurniño constituirá un fondo social para todo o persoal laboral e funcionario, cunha partida que se estipulará nos orzamentos municipais, logo da correspondente negociación coa parte social.

2. As accións, contías e normas de xestión estableceranse nun regulamento de acción social, que se negociará entre as partes, que procurará ter unha distribución inversamente proporcional ao nivel xeral de ingresos, e que será de aplicación ao conxunto do persoal municipal.

Artigo 44. Seguro de vida e accidentes

O Concello incluíra nos orzamentos o crédito necesario para renovar anualmente unha póliza de seguro colectivo para as traballadoras e traballadores municipais que cubra os riscos de morte, incapacidade total e permanente ou grande invalidez derivada de accidente de traballo ou enfermidade laboral cunha cobertura que se estipulará nos orzamentos municipais, logo da correspondente negociación coa parte social.

As características e a cobertura deste seguro será negociado entre as partes e será de aplicación ao conxunto do persoal municipal, tanto laboral coma funcionario.

Disposición transitoria primeira

(Suprímese)

Disposición transitoria terceira

As modificacións do presente convenio colectivo que afecten a determinados aspectos económicos e, nomeadamente, ás retribucións do persoal municipal terán carácter retroactivo dende o día primeiro do mes de xaneiro de 2021.

Disposición transitoria cuarta

En aplicación do principio de non discriminación, recollido na Directiva 1999/70 CE do Consello do 28 de xuño de 1999, a partir do primeiro de xaneiro de 2021, ao persoal laboral temporal que ocupe un posto recollido na RPT en vigor se lle aplicarán os conceptos retributivos recollidos no artigo 35 deste Convenio, percibindo as remuneracións correspondentes indicadas na RPT e nos orzamentos municipais en vigor.

Disposición transitoria quinta

1. *A partir do primeiro de xaneiro do 2021 o persoal laboral que vexa reducidas as súas retribucións totais previas por mor da aplicación da Relación de postos de traballo, terá dereito a recibir un Complemento persoal transitorio, pola cantidade precisa para asegurar que non vexa reducidas as súas retribucións totais.*

2. *O complemento persoal transitorio indicado no parágrafo anterior será actualizable anualmente conforme o incremento xeral que se produza nas retribucións do persoal das Administracións públicas, segundo determinen os Orzamentos xerais do Estado.*

Disposición transitoria sexta

1. *A partir do primeiro de xaneiro do 2021 o persoal laboral que vexa reducidas as súas retribucións previas vinculadas á antigüidade por mor da aplicación da Relación de postos de traballo, terá dereito a recibir un Complemento persoal transitorio, pola cantidade precisa para asegurar que non vexa reducidas as súas retribucións totais.*

2. *O complemento persoal transitorio indicado no parágrafo anterior será actualizable anualmente conforme o incremento xeral que se produza nas retribucións do persoal das Administracións públicas, segundo determinen os Orzamentos xerais do Estado.*

Disposición transitoria sétima

Para determinar aqueles aspectos recollidos neste convenio que quedan pendentes dunha posterior concreción, constituirase unha mesa negociadora conxunta, na que estean presentes o goberno municipal e a representación sindical do persoal laboral e do persoal funcionario do Concello.

Anexo I

(Derrogado)

A Sra. Muiño expón a proposta.

O Sr. Rodríguez expresa a intención de votar afirmativamente xa que a proposta conta c6 respaldo dos representantes dos traballadores e informe do Secretario.

A Sra. Trigo expresa que considera non tivo a documentación completa e tivo que procurarse o Convenio do BOP. Entende que o texto est6 consensuado entre as partes e manifesta que non comprende que non se explique o motivo de cada cambio.

O Alcalde explica non se fan aclaraci6ns porque o texto xa recolle o consenso ao que se chegou na Mesa Xeral de Negociaci6n porque as duas partes entenderon que se melloran as condici6ns; e respecto 6 ausencia do texto do Convenio explicalle 6 portavoz do PP que 6ste xa estaba publicado no BOP.

Sometido finalmente o asunto a votaci6n ordinaria, a Corporaci6n, por oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e do PSOE, con tres abstenci6ns, das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a moci6n de que se trata.

S6TIMO.- MOCI6N DO BNG SOBRE O MODELO DE ENERX6A E6LICA.

A Sra. Muiño resume o contido da moci6n de que se trata, en defensa dun modelo de enerx6a e6lica sustentable, xusta e galega, fronte ao espolio e 6 depredaci6n, que literalmente di:

Moci6n en defensa dun modelo de enerx6a e6lica sustent6bel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredaci6n.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moci6n para o seu debate no pleno.

Exposici6n de motivos:

*Na Galiza estase a producir un boom e6lico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio el6ctrico e os gobernos da Xunta e do Estado est6n a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transici6n enerx6tica que abandone enerx6as f6siles para repetir a historia: **facen que Galiza sexa unha gran produtora de enerx6a sen capacidade decisi6n**, aplicando un **modelo espoliador e depredador** deseñado ao servizo das grandes empresas, sen participaci6n social e sen garant6as de protecci6n medioambiental, e **sen dar lugar a que o beneficio econ6mico obtido mediante a explotaci6n do vento galego, se vincule 6 xeraci6n de riqueza no noso pa6s.***

Este desenvolvemento da explotaci6n e6lica estase a producir a s6a expansi6n sen a adecuada planificaci6n e control p6blico, con insuficiente transparencia, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a trav6s dunha fraudulenta fragmentaci6n dos proxectos en proxectos m6is pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasd6nigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situaci6n, no que sinalan tam6n o papel da administraci6n galega 6 hora de rebaixar garant6as ambientais e desprotexer espazos singulares, convert6ndose en parte activa dos problemas que se est6n a dar ao favorecer un modelo depredador.

É necesario apostar polas enerxías renovábeis, si, mais non así. Baixo a coartada do “verde”, a Xunta de Galiza e agora tamén o Goberno do Estado están a poñer unha alfombra vermella ao oligopolio eléctrico para implantar parques eólicos por todo o país, de costas aos galegos e galegas, e sen avaliar axeitadamente os seus impactos, deixando no mínimo posible o retorno e benefecios destas instalacións en favor dos galegos e galegas, iso sí, con cuantiosos benefecios para as empresas concesionarias dos parques.

Nos últimos anos realizáronse cambios normativos moi favorables aos intereses das grandes empresas, máis ningún dirixido a establecer un marco regulador que defina as condicións para que se produza un axeitado retorno económico, social e de emprego para Galiza. Cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como “lei de depredación” (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Todo isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto, sometemos a debate e aprobación polo Pleno deste Concello, o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a que coa maior brevidade posíbel poña en marcha as seguintes medidas:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais do xeito que segue:

a) Paralizar cauteladamente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de parques en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei ao seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de proteccións de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

O Sr. Rodríguez expresa a intención de apoiar a moción por canto se debe ir a modelos máis sostibles, de escala local, evitando os custosos transportes innecesarios da enerxía, as emisións e, en todo caso, que haxa uns repercusións económicas máis beneficiosas para as comunidades locais. Suxire que se debía complementar a moción coa potenciación da autoproducción da enerxía.

A Sra. Trigo recorda, ao fío da moción, que se citan problemas que xa están resoltos e ademáis os concellos poden promover parques eólicos a escala local. Por outra parte a Xunta creou un Servicio de Información Provincial a Concellos e que a Lei de Reactivación Económica e a Iniciativa Empresarial Provincial recollen unha serie de medidas que velan pola creación de emprego. Expressa a súa aposta por instalar un parque eólico en San Sadurniño e insiste que a Xunta non o está facendo nada mal. Respecto á ampliación da Rede Natura que solicita a moción nas zonas de especial protección manifesta que non é sustentable medio rural coa Rede Natura. A Sra. Muiño pregunta se é razoable que pechen a Mesa nunha comarca deprimida, mentres se están presentando moreas de proxectos de parques eólicos. A Xunta non está facendo unha boa política de desenvolvemento industrial, porque está falando de postos de traballo na eólica, contabilizando os da fase de construción, que unha finalizada non se xera máis emprego. Alude ás catastróficas condicións socioeconómicas da comarca. Recorda que o BNG xa fixo a súa proposta de modelo de Plan Eólico que contemplaba un desenvolvemento máis sostible pero que foi tumbado polo PP a pesar de que o Decreto foi ratificado polos tribunais. E non se pide, na moción, unha nova ampliación da Rede Natura, máis ben que non se paralice interesadamente a que está iniciada.

O Sr. Rodríguez condea o desmantelamento da industria na comarca e que non haxa medidas de reindustrialización a pesares do brutal desemprego. Por de exemplo que a sección de turbinas da antiga Bazán, pioneira na súa construción hoxe sería de grande utilidade industrial.

O Alcalde opina que a Xunta desentendeuse das reservas ambientais e recorda que a Rede Natura esixe unha aporta de medidas que compensen aos habitantes e propietarios as limitacións de uso das mesmas.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por oito votos favorables, das concelleiras e concelleiros do BNG e do PSOE, con tres abstencións, das concelleiras e concelleiro do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO:

OITAVO. TOMA DE RAZÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DESDE A 124/2021 ATA A 162/2021.

Dase conta das seguintes resolucións da Alcaldía:

Nº de Expediente	Asunto	Data
2021/G003/000124	Convocatoria XGL 12/2021, ordinaria do 21-04-2021	19-04-2021 00:00
2021/G003/000125	Adxudicación do contrato menor para a elaboración dun Plan de Emerxencia en situacións de seca.	20-04-2021 00:00
2021/G003/000127	CONCESIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA PEL-REACTIVA DO ANO 2020	21-04-2021 00:00
2021/G003/000126	CONTRATACIÓN DÚAS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POS+ ADICIONAL 1/2021	20-04-2021 00:00
2021/G003/000128	SOLICITUDE DE PRAZA (FÓRA DE PRAZO) NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A ROLADA, SOLICITADA A 30/03/2021, PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021	21-04-2021 00:00
2021/G003/000129	ALTA PERSOA USUARIA SAF DEPENDENCIA N. SIUSS 192	22-04-2021 00:00
2021/G003/000130	Adxudicación definitiva do contrato "Servizo de difusión de contidos municipais a través da web municipal e as redes sociais así coma a relación cos medios de comunicación".	23-04-2021 00:00
2021/G003/000131	BAIXA PERSOA USUARIA XANTAR NA CASA N. SIUSS 1004	23-04-2021 00:00
2021/G003/000133	Toma razón e autorización condicionada á celebración do 33º Rallye de Narón no Concello de San Sadurniño	26-04-2021 00:00
2021/G003/000132	APROBACIÓN DAS NÓMINAS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO DO MES DE ABRIL DE 2021	26-04-2021 00:00
2021/G003/000134	PAGAMENTO LIQUIDACIÓNS SEGURIDADE SOCIAL MES DE MARZO DE 2021	26-04-2021 00:00
2021/G003/000135	Aprobación asignación mensual grupos políticos correspondente ao mes de abril de 2021	26-04-2021 00:00
2021/G003/000136	SOLICITUDE DE PRAZA (FÓRA DE PRAZO) NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A ROLADA, SOLICITADA A 16/04/2021, PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021	26-04-2021 00:00
2021/G003/000137	ADHESIÓN AO CONVENIO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA AFECTADA POLA COVID-19	28-04-2021 00:00
2021/G003/000138	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES POSTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2021 (PEL REACTIVA 2021)	28-04-2021 00:00
2021/G003/000140	Convocatoria XGL 13/2021, ordinaria do 03-05-2021	30-04-2021 00:00
2021/G003/000141	CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO 187/2021	30-04-2021 00:00

2021/G003/000142	SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2021	
2021/G003/000143	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE INFRAVIVENDA DA CONVOCATORIA DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN PARA O ANO 2021, PARA UNHA VIVENDA NO CHAO	30-04-2021 00:00
2021/G003/000139	CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO 187/2021	29-04-2021 00:00
2021/G003/000144	APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021	30-04-2021 00:00
2021/G003/000145	BAIXA PERSOA USUARIA XANTAR NA CASA N. SIUSS 385 (MPF)	03-05-2021 00:00
2021/G003/000146	LISTADO PROVISIONAL DO ALUMNADO ADMITIDO E EXCLUIDO NO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACION DE PRAZAS NA EIM A ROLADA(CURSO 2021-2022)	03-05-2021 00:00
2021/G003/000147	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A ROLADA PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021	04-05-2021 00:00
2021/G003/000148	Aprobación do cadro de vacacións do persoal municipal 2021	05-05-2021 00:00
2021/G003/000149	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS A AUGAS DE GALICIA PARA INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO ANO 2021	06-05-2021 00:00
2021/G003/000150	PADRÓN SAF ABRIL 2021	06-05-2021 00:00
2021/G003/000151	Adxudicación de contrato menor para reordenación do espazo axardinado fronte á Casa da Cultura e o axardinamento do espazo anexo á Escola Infantil e o Concello	06-05-2021 00:00
2021/G003/000152	Xunta de Goberno Local 14/2021, sesión ordinaria do 11-05-2021	10-05-2021 00:00
2021/G003/000153	Aprobación do padrón da taxa pola recollida do lixo para o exercicio 2021	10-05-2021 00:00
2021/G003/000154	BAIXA PERSOA USUARIA SAF DEPENDENCIA N. SIUSS 1013	10-05-2021 00:00
2021/G003/000155	SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE UNHA HORA COMPLEMENTARIA E DA ALTA NO SERVIZO DE COMEDOR NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A ROLADA", CON DATA 21/04/2021, PARA O CURSO 2020-2021	10-05-2021 00:00
2021/G003/000156	SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE UNHA HORA COMPLEMENTARIA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A ROLADA, CON DATA 21/04/2021, PARA O CURSO 2020-2021	10-05-2021 00:00
2021/G003/000157	Aprobación padrón saneamento 2020	11-05-2021 00:00
2021/G003/000158	PADRÓN FISCAL DOS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2021 DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS	11-05-2021 00:00
2021/G003/000159	ALTA PERSOA USUARIA SAF LIBRE CONCURRENCIA POR DERIVACIÓN SOCIOSANITARIA N. SIUSS 0054	14-05-2021 00:00
2021/G003/000160	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO APROL RURAL 2021	14-05-2021 00:00
2021/G003/000161	LISTADO DEFINITIVO DO ALUMNADO ADMITIDO E EXCLUÍDO NO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACION DE PRAZAS NA EIM A ROLADA (CURSO 2021-2022)	18-05-2021 00:00
2021/G003/000162	Xunta de Goberno Local 15/2021, sesión ordinaria do 21-05-2021	20-05-2021 00:00

URXENCIA.- Antes de pasar ó punto de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde prantexa a necesidade de incluír un punto urxente na Orde do Día da sesión, relativo á administración electrónica e a modificación do enderezo da sede electrónica, necesario para modificacións que se proxectan na tramitación electrónica.

Sometida de seguido a votación ordinaria a procedencia do debate desta proposta, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda declarar o asunto urxente e dar paso ó seu debate.

URXENCIA – PRIMEIRO.- ACORDOS RELATIVOS Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E MODIFICACIÓN DO ENDEREZO DA SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

Dase conta da contratación dun novo sistema de administración electrónica, o que supón a necesidade de deixar sen efectos a delegación oportunamente acordada en favor da Deputación Provincial da Coruña e a creación dunha sede electrónica cun enderezo diferente do actualmente existente.

A tal finalidade, e seguindo instrucións recibidas da propia Deputación, propónse a adopción polo Pleno da Corporación dos acordos seguintes:

1º.- Deixar sen efectos a delegación acordada, mediante acordo plenario do día 25 de novembro de 2011, na Deputación Provincial da Coruña para xestión e administración da sede electrónica. Este acordo queda condicionado á manifestación favorable por parte do órgano competente da Deputación Provincial da Coruña para deixar sen efectos por mutuo acordo a eficacia de dito convenio.

2º.- A creación dunha nova sede electrónica, cuxo enderezo electrónico de referencia pase a ser "sansadurnino.sedelectronica.gal", en lugar da existente "sede.sansadurnino.gal".

O Sr. Rodríguez pregunta polo custe que terá a contratación e a posibilidade de financiación pola Deputación. O Sr. Alcalde resposta que o custe rondará os doce mil euros ó ano, pero que a calidade e a facilidade de manexo para o traballo diario fan rendible o gasto, e que a modificación do enderezo da sede é o máis urxente para poñer en funcionamento o novo sistema. O Sr. Rodríguez e a Sra. Trigo amósanse conformes coa proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Deixar sen efectos a delegación acordada, mediante acordo plenario do día 25 de novembro de 2011, na Deputación Provincial da Coruña para xestión e administración da sede electrónica. Este acordo queda condicionado á manifestación favorable por parte do órgano competente da Deputación Provincial da Coruña para deixar sen efectos por mutuo acordo a eficacia de dito convenio.

2º.- A creación, coa brevidade posible, dunha nova sede electrónica, cuxo enderezo electrónico de referencia pase a ser "sansadurnino.sedelectronica.gal", en lugar da existente "sede.sansadurnino.gal".

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai Rogos.

Preguntas:

A Sra. Trigo plantexa as seguintes preguntas:

¿Existe algún regulamento no estacionamento do área de autocaravanas? ¿A onde van as augas residuais dese aparcadoiro? ¿Cales son os beneficios para o concello dese aparcadoiro?

O Alcalde contesta que non existe regulamento municipal e se está valorando o modelo de regulamento elaborado pola FEGAMP; non obstante este tipo de equipamentos xa contan cunha regulación xeral. As augas residuais van a unha fosa séptica coa que conta o aparcadoiro. Os beneficios deste tipo de turismo están no retorno ao sector servicios do comercio local e a relación de custe-beneficio é moi favorable.

A Sra. Trigo alude a que se regula na páxina dixital un máximo de estadía de unha noite e por iso quería saber si existía algunha regulación.

O Sr. Varela intervéen para dicir que se está valorando un sistema de control do número de estacionamentos.

Arredor dunha xuntanza convocada por unha empresa, por medio de correo electrónico, para falar dos obxectivos de desenvolvemento sostible -ODS-, ¿Por qué non se deu conta deste tema aos portavoces?

O Alcalde resposta que esa xuntanza se convoca pola empresa contratada polo Fondo Galego de Cooperación para facer unha diagnose na comarca, que na propia xuntanza se dará a información máis detallada. Trátase dunha fase participativa sen máis.

A Sra. Breixo explica que o concello de San Sadurniño foi seleccionado para desenvolver esta diagnose. A empresa adxudicataria do servizo encárgase do desenvolvemento. O concello facilitou os enderezos das entidades e persoas convocadas e aportou os datos solicitados para a diagnose.

O Sr. Rodríguez manifesta que abandonou a reunión porque non tivera a información suficiente e se atopaba desconcertado.

A Sra. Breixo expresa o seu agrado de conocer esas cuestións para transmitilas ao Fondo.

A Sra. Díaz plantexa as seguintes preguntas:

¿Por qué o Convenio asinado coa Cooperativa no ano 2007 non foi a exposición pública?

O Alcalde resposta que o Convenio Urbanístico vai recollido no propio PXOM e porén foi exposto públicamente.

A sra. Díaz insiste en preguntar por qué non se expuxo no 2007.

O Alcalde replica que a razón foi porque no 2007 non se modificou nada urbanisticamente.

A sra. Muiño reitera que o Convenio aprobouse no Pleno e porén é público.

A sra. Díaz pregunta cal foi o motivo da anulación do convenio.

O Alcalde se remite ao acta do Pleno na que se anulou o Convenio.

¿Cal é o valor dos intereses a pagar por mor da sentenza da Cooperativa?

O Alcalde replica que o descoñece e que si quere que llas responda, debe formularlas por escrito con vinte e catro horas de antelación.

¿É absurdo informar aos veciños que o concello vai pagar 100.000 euros de intereses?

O Alcalde sinala que esa información está na documentación do Pleno.

¿Cal foi o motivo de facer este Pleno no Salón de Plenos sen salvar as distancias mínimas?

O Alcalde resposta que empregando os tapabicos se cumpren as medidas e ademais cada pleno na Casa da Cultura tiña un custe de cincocentos euros para amplificación e considerando que as condicións sanitarias melloraran decidíuse o cambio.

A sra. Muiño fai unha puntualización, aludindo a que na Comisión Informativa de asuntos do Pleno non se fixo ningunha alusión a este tema, sabendo ademais que os Plenos son públicos e gravados.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as oito horas e trinta e oito minutos do serán, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O Alcalde,

O Secretario-Interventor